

# MYKES

Boletín do Grupo Micológico Galego  
“Luis Freire”

Volume 22  
2019



GRUPO MICOLÓXICO GALEGO

## BOLETALES DA RESERVA DA BIOSFERA ÁREA DE ALLARIZ (OURENSE, NO. IBÉRICO)

por  
M. RIVAS *et* M.L. CASTRO

RIVAS, M. *et* CASTRO, M.L. 2019. *Boletales* da Reserva da Biosfera Área de Allariz (Ourense, NO. Ibérico). *Mykes* 22: 19-28.

### Resumo

Neste estudo recolleemos as especies de *Boletales* atopadas ata o día de hoxe na Reserva da Biosfera Área de Allariz.

**Palabras clave:** micobiota, Allariz, Galicia, Reserva da Biosfera, *Boletales*, biodiversidade.

RIVAS, M. *et* CASTRO, M.L. 2019. *Boletales* of the Biosphere Reserve “Área de Allariz” (Ourense, NW Iberian Peninsula). *Mykes* 22: 19-28.

### Summary

In this study we gather *Boletales* species found to date in the Biosphere Reserve “Área de Allariz”.

**Keywords:** mycobiota, Allariz, Galicia, Biosphere Reserve, *Boletales*, biodiversity.

## INTRODUCCIÓN

Este traballo forma parte do estudo de macromicetos (*Ascomycota* e *Basidiomycota*) comezado co traballo de RIVAS & CASTRO (2018) para dar a coñecer a micobiota da Reserva da Biosfera Área de Allariz (Ourense). Trátase dunha zona de altitude media (450-600 m) con bioclima hiperoceánico de ombrotipo húmido (RODRÍGUEZ & RAMIL-REGO, 2007), na que a vexetación predominante está composta por matogueiras,

---

<sup>1</sup>Laboratorio de Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas - Marcosende, E-36310, Vigo; e-mail: [maurorivasferreiro@gmail.com](mailto:maurorivasferreiro@gmail.com) e [lcastro@uvigo.es](mailto:lcastro@uvigo.es)

bosques de ribeira e matas de bosque atlántico, máis ou menos puras, asentadas sobre solos silíceos.

A micobiota da provincia de Ourense é a menos coñecida das 4 provincias galegas (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña) e a zona de Allariz nunca fora estudada antes en profundidade, de feito só existen dúas especies de *Boletales* publicadas anteriormente para ela, *Chalciporus piperatus* (Bull.) Bataille (BLANCO-DIOS, 2003) e *Buchwaldoboletus hemichrysus* (Berk. & M.A. Curtis) Pilát (RIVAS & CASTRO, 2018). Con esta aportación o catálogo desta orde aumenta en 15 taxons.

## **METODOLOXÍA**

Tanto as características da zona de estudo, como a metodoloxía e sistemática seguidas, aparecen descritas de forma máis pormenorizada no traballo de RIVAS & CASTRO (2018).

Igualmente o material deshidratado (*exsiccata*) depositouse na micoteca UVIGO-Fungi da Universidade de Vigo.

Para a identificación, nunha primeira aproximación, empregáronse obras xerais como MOSER (1980), JÜLICH (1989), BREITENBACH & KRÄNZLIN (1986, 1991), BON (2005) e COURTECUISSÉ & DUHEM (2005), entre outros; pero na maior parte dos taxons fíxose necesario o uso adicional de fontes bibliográficas específicas ou monografías, como as de LADURNER & SIMONINI (2003), MUÑOZ (2005) ou KUYPER *et al.* (2018). A actualización nomenclatural foi feita usando a base de datos INDEX FUNGORUM (en liña).

## **CATÁLOGO DE ESPECIES**

No catálogo os taxons dispóñense por orde alfabética de xéneros e de especies.

Para cada unha das especies indícase a distribución mundial, contrastada dende a base de datos Global Biodiversity Information Facility (GBIF SECRETARIAT, 2017), sinalando o número de referencia, así como a distribución no resto de Galicia,

utilizando a base de datos MICOGA (RODRÍGUEZ-VAZQUEZ & CASTRO, en liña), xunto con outros traballos referidos a esta zona e publicados posteriormente. Non se indica o *legitimavit* no material estudado porque foi todo recollido por M. Rivas.

***Boletus edulis* Bull.: Fr., Syst. mycol., 1: 392. 1821 [Fig. 1]**

Allariz, Foxo Vello, 29TNG9571, baixo carballos, 16-IX-2017, UVIGO-Fungi 12. Allariz, O Briñal, 29TNG9571, baixo carballos, 30-IX-2017, UVIGO-Fungi 42.

Trátase dunha especie moi común en todo o hemisferio norte, e amplamente mencionada para España (GBIF Secretariat, 2017: nº 5954958). Tamén é frecuente nas catro provincias galegas.



Fig. 1. *Boletus edulis* (UVIGO-Fungi 12).

***Boletus pinophilus* Pilát et Dermek, Česká Mykol., 27(1): 6. 1973**

Allariz, San Breixo, 29TPG0075, baixo *Quercus robur*, 25-XI-2017, UVIGO-Fungi 138.

Especie exclusivamente citada no hemisferio norte, especialmente en Europa (GBIF Secretariat, 2017: nº 5954949).



Fig. 2. *Boletus spretus* (UVIGO-Fungi 8).



Fig. 3. *Boletus spretus* (UVIGO-Fungi 8): detalle dos poros.

Tamén se trata dunha especie do grupo *edulis*, que non aparece citada en Galicia con tanta frecuencia coma *B. edulis*.

***Boletus spretus* Bertéa**, *Doc. Mycol.*, 18(72): 62. 1988 [Fig. 2-3]

Allariz, Foxo Vello, 29TNG9571, souto, 16-IX-2017, UVIGO-Fungi 8.

Esta especie é moi pouco frecuente (GBIF Secretariat, 2017: nº 6045587), pero atopáronse referencias a ela na provincia de Lugo (ALONSO, 2014) e na provincia de Ourense (BLANCO-DIOS *et al.*, 2009).

***Boletus subtomentosus* L.: Fr.**, *Syst. mycol.*, 1: 389, 1821 [Fig. 4]

Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 22-IX-2017, UVIGO-Fungi 17.

Especie habitual xeorreferenciada en todo o mundo, especialmente no hemisferio norte e en Australia (GBIF Secretariat, 2017: nº 5954888). En Galicia atópanse abundantes citas en tódalas provincias salvo en Ourense, onde só se atoparon dúas referencias na bibliografía.



Fig. 4. *Boletus subtomentosus* (UVIGO-Fungi 17).

***Hygrophoropsis aurantiaca* (Wulfen) Maire in Martin-Sans, *Empois. Champ.*: 99. 1921**

Allariz, Santo Estevo, 29TPG0174, cepo de piñeiro, 28-X-2017, UVIGO-Fungi 70. Allariz, Meire, 29TPG0172, piñeiro, 4-XI-2017, UVIGO-Fungi 78.

Xeorreferenciada para o hemisferio norte e Oceanía, así como para o sur de América do Sur (GBIF Secretariat, 2017: nº 2525710). Citada para toda Galicia.

***Lanmaoa fragrans* (Vittad.) Vizzini, Gelardi et Simonini in Vizzini, *Index Fungorum*, 235: 1. 2015**

Allariz, Meire, 29TPG0172, entre piñeiros e castiñeiros, 22-IX-2017, UVIGO-Fungi 23.

Xeorreferenciada para Europa maioritariamente (GBIF Secretariat, 2017: nº 7672932). Citada para toda Galicia.

***Leccinum aurantiacum* (Bull.) Gray, *Nat. Arr. Brit. Pl.*, 1: 646. 1821**

Allariz, Santo Estevo, 29TPG0174, baixo carballos e bidueiros, 25-XI-2017, UVIGO-Fungi 144.

Xeorreferenciada para todo o hemisferio norte e Australia (GBIF Secretariat, 2017: nº 2524513). Citado para Ourense, Pontevedra e A Coruña.

***Neoboletus erythropus* (Pers.) C. Hahn, *Mycol. Bavar.*, 16: 132. 2015**

Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 17-IX-2017, UVIGO-Fungi 9.

Xeorreferenciada para todo o hemisferio norte e Australia (GBIF Secretariat, 2017: nº 5954924). En Galicia aparece citada para as catro provincias.

***Paxillus involutus* (Batsch: Fr.) Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 317. 1838**

Allariz, Meire, 29TPG0172, baixo carballos e bidueiros, 22-IX-2017, UVIGO-Fungi 20. Allariz, Canelar, 29TNG9969, baixo carballos, 9-XI-2017, UVIGO-Fungi 109.

Xeorreferenciada para todo o mundo, é unha especie común (GBIF Secretariat, 2017: nº 5240002). Amplamente citada para as catro provincias galegas.

***Pisolithus arhizus* (Scop.) Rauschert**, *Z. Pilzk.*, 25(2): 51. 1959 [Fig. 5]

Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 8-X-2017, UVIGO-Fungi 36.

Xeorreferenciada para todo o mundo (GBIF Secretariat, 2017: nº 2525455). Citada para toda Galicia.



Fig. 5. *Pisolithus arhizus* (UVIGO-Fungi 36).

***Scleroderma bovista* Fr.**, *Syst. mycol.*, 3(1): 48. 1829

Allariz, O Briñal, 29TNG9571, baixo herba en camiño, 30-IX-2017, UVIGO-Fungi 29.



Xeorreferenciada en tódolos continentes salvo en África; cabe destacar a súa abundancia no norte de España (GBIF Secretariat, 2017: nº5239977). En Galicia está citada para tódalas provincias.

***Scleroderma citrinum Pers.***, *Syn. meth. fung.*, 1: 153. 1801

Allariz, Canelar, 29TNG9969, terra descuberta, 8-IX-2017, UVIGO-Fungi 6. Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, en terra removida, 8-X-2017, UVIGO-Fungi 37. Allariz, Nanín, 29TPG0069, camiño areoso en piñeiral, 21-X-2017, UVIGO-Fungi 55. Allariz, O Briñal, 29TNG9571, carballeira, 4-XI-2017, UVIGO-Fungi 85. Allariz, Canelar, 29TNG9969, carballeira, 9-XI-2017, UVIGO-Fungi 107. Allariz, Meire, 29TPG0172, carballeira, 18-XI-2017, UVIGO-Fungi 128.

Xeorreferenciada en tódolos continentes; especialmente común en Europa e América do Norte (GBIF Secretariat, 2017: nº 5239982). Citada múltiples veces para tódalas provincias galegas.

***Scleroderma polyrhizum (J.F. Gmel.) Pers.***, *Syn. meth. fung.*, 1: 156. 1801

Allariz, Nanín, 29TPG0069, camiño de area entre *Pinus* sp., 21-X-2017, UVIGO-Fungi 57. Allariz, Canelar, 29TNG9969, pendente de area, xunto a carballeira, 9-XI-2017, UVIGO-Fungi 110.

Xeorreferenciada para todo o hemisferio norte e Australia (GBIF Secretariat, 2017: nº5239950). É unha especie amplamente citada en tódalas provincias galegas.

***Suillus bovinus (Fr.) Roussel***, *Fl. Calvados*: 34. 1806 [Fig. 6]

Allariz, Nanín, 29TPG0069, piñeiral, 2-XII-2017, UVIGO-Fungi 164.

Xeorreferenciada para o hemisferio norte, o sur de África e Oceanía (GBIF Secretariat, 2017: nº7623986). Citada para toda Galicia.

***Suillus luteus (Fr.) Roussel***, *Fl. Calvados*: 34. 1806

Allariz, Meire, 29TPG0172, piñeiral, 22-IX-2017, UVIGO-Fungi 22.

Xeorreferenciada para todo o mundo (GBIF Secretariat, 2017: nº 7777157). Citada para as catro provincias galegas.




Fig. 6. *Suillus bovinus* (UVIGO-Fungi 164): cistidios con verrucosidades.

### AGRADECIMENTOS

Queremos mostrar o noso máis sincero agradecemento aos compañeiros do Laboratorio de Micoloxía da Universidade de Vigo: Gabriel (Gabi) Pérez-Torrón, Hugo Fernández-Ricón, María Cabaleiro, Andrés Cordeiro e Paula Estévez, así como ao persoal do Concello de Allariz pola súa colaboración.

### REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO DÍAZ, J. 2014. Biodiversidade fúnxica da Reserva da Biosfera Terras do Miño: o xénero *Boletus* L. no municipio de Lugo. *Micolucus*, 1: 5-17.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2003. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 8867-8886. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 60(2): 424-425.
- BLANCO-DIOS, J.B., ÁLVAREZ GRAÑA, D., CORRAL, S., GÓMEZ-BRAGAÑA, J. & RIAL POUSA, S. 2009. Fragmenta Chorologica Gallaecica, Fungi 93-106. *Mykes*, 12: 57-60.

- BON, M. 2005. *Guía de campo de los hongos de España y Europa*. Barcelona. Ed. Omega.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1986. *Champignons de Suisse. Tome 2: Champignons sans lames*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome 3: Bolets et champignons à lames, 1ère partie*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- COURTECUISSÉ, R. & DUHEM, B. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y norte de África: 1751 especies descritas e ilustradas*. Barcelona. Ed. Omega.
- GBIF SECRETARIAT. 2017. *GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset* <https://doi.org/10.15468/39omei> accessed via GBIF.org [Consulta: 1-VII-2018].
- INDEX FUNGORUM 2019. *Nomenclatural database Index Fungorum Partnership* [en liña]. Disponible en <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 2-VII-2019].
- JÜLICH, W. 1989. *Guida alla determinazione dei funghi Vol. 2: Aphyllophorales, Heterobasidiomycetes, Gastromycetes*. Trento. Ed. Saturnia.
- KUYPER, T.W., VELLINGA, E.C. & NOORDELOOS, M.E. 2018. *Boletales E.J. Gilb*. En: M.E. NOORDELOOS, T.W. KUYPER, I. SOMHORST & E.C. VELLINGA (Eds.), *Flora Agaricina Neerlandica: Critical monographs on families of Agarics and Boleti occurring in the Netherlands*, Vol. 7: 65-225.
- LADURNER, H. & SIMONINI, G. 2003. *Xerocomus s.l. Fungi Europaei vol. 8*. Alassio. Ed. Candusso.
- MOSER, M.M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi: Polyporales, Boletales, Agaricales, Russulales*. Trento. Ed. Saturnia.
- MUÑOZ, J.A. 2005. *Boletus s.l. (excl. Xerocomus). Strobilomycetaceae, Gyroporaceae, Gyrodontaceae, Suillaceae, Boletaceae. Fungi Europaei vol. 2*. Origgio. Ed. Candusso.
- RIVAS, M. & CASTRO, M.L. 2018. Macromicetos da Reserva da Biosfera Área de Allariz: aportación ao catálogo micolóxico da provincia de Ourense. *Mykes*, 21: 27-49.
- RODRÍGUEZ GUITIÁN, M. & RAMIL-REGO, P. 2007. Clasificaciones climáticas aplicadas a Galicia: revisión desde una perspectiva biogeográfica. *Recursos Rurais*, 1(3): 31-53.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. 2018-2019. *MICOGA. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega* [en liña]. Disponible en <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 15-V-2018].